

NORMATIVA DE PLANIFICACIÓN ACADÉMICA ANUAL CURSO 2016/2017 (Consello de Goberno do 10/03/2016)

A Planificación Académica Anual (en diante PAA) é o instrumento que permite formular a Oferta académica das titulacións oficiais da Universidade ao establecer criterios comúns para aplicar nos procedementos que a configuran, nomeadamente:

1. Proceso de asignación efectiva do encargo docente das materias de grao e máster e os complementos formativos do doutoramento de ser o caso.
2. O Plano docente anual (PDA) de cada titulación oficial.
3. O Plan de organización docente (POD) de cada departamento.
4. Os horarios das actividades docentes das materias dos planos de estudos que se ofertan cos correspondentes calendario de exames.
5. A programación docente de cada unha das materias ofertadas e organizadas nos distintos programas de estudo.

Para a elaboración da PAA será necesario ter en conta:

- a) O profesorado e a súa dedicación docente (Capacidade Lectiva efectiva e Capacidade Titorial das áreas).
- b) As estimacións de alumnos matriculados en cada unha das materias ofertadas e o módulo de grupo para cada tipo de docencia (número de alumnos por grupo) que se utilizaría para a constitución dos grupos en función da metodoloxía de ensino/aprendizaxe que deba aplicarse. Todo isto permitirá coñecer o encargo lectivo das áreas nas titulacións oficiais.
- c) O procedemento de encargo docente.
- d) Os recoñecementos que se poidan efectuar, en función da capacidade lectiva neta das áreas, respecto das distintas actividades do profesorado: investigadora, docente e de xestión e coordinación.

CAPITULO I

CRITERIOS PARA A DETERMINACION DA CAPACIDADE LECTIVA, CAPACIDADE TITORIAL E NECESIDADES LECTIVAS DAS AREAS DE COÑECEMENTO

As obrigas docentes, para o curso académico 2016/2017, relativas á capacidade lectiva e titorial das distintas figuras do profesorado continúan a ser as que establece o R.D. 898/1985 do 30 de abril sobre Réxime do Profesorado Universitario (BOE do 19 de xuño) modificado polos RD 1200/1986, RD 554/1991 e mailo Convenio Colectivo do PDI.

Durante o curso 2015/2016, a actividade titorial do profesorado pode distribuírse en titorías programadas polo/a profesor/a (en despacho e/ou virtuais) e titorías en aula/ clase programadas polos centros e/ou órganos responsables dos másteres. O número de horas de titorías en aula/clase para cada figura de profesorado en ningún caso superará o 50% da súa capacidade de titoría.

1.- Capacidade lectiva non clínica da área e capacidade de titorías

É a suma da capacidade lectiva non clínica das prazas da área ocupadas e da capacidade lectiva non clínica dos contratados como investigadores RC, IPP e similares que cumpran os requisitos para participar na docencia.

A capacidade de titoría é a suma da capacidade de titoría das distintas figuras do profesorado da área de acordo coa normativa vixente.

1.1 Capacidade lectiva non clínica e horas de titoría das distintas figuras do profesorado

a) Profesorado ou PDI a Tempo Completo:

- Catedráticos de Universidade, Catedráticos de Escola Universitaria, Titulares de Universidade, Profesores Contratados Doutores, Profesores Axudantes Doutores, Profesores Colaboradores doutores, Profesores Titulares de Escola Universitaria¹ 8 horas /semana ou 240 horas/ano lectivas e 6 horas/semana ou 180 horas/ano de titorías.
- Profesores Colaboradores non doutores terán a mesma dedicación e será aplicada nos mesmos termos que os Profesores Titulares de Escola Universitaria.
- Persoal para lectorados de linguas modernas ou estranxeiras : 12 horas/semana ou 360 horas/ano lectivas e 6 horas/semana ou 180 horas/ano de titorías.
- Profesorado con praza asistencial vinculada (RD 1558/86 do 28 de xuño): $\frac{3}{4}$ da súa capacidade total: 6 horas/semana ou 180 horas/ano lectivas e 3 horas/semana ou 90 horas/ano de titorías. No caso de que a planificación académica (encargo docente) non inclúa o desenvolvemento de actividades clínicas, o cómputo da xornada e a capacidade lectiva non será inferior á legalmente establecida (RD 898/1985 de 30 de abril).
- Profesorado con praza asistencial vinculada mediante convenio ao Hospital Veterinario Universitario Rof Codina, segundo o especificado no convenio tanto para as horas lectivas como para as de titoría. No caso de que a planificación académica (encargo lectivo) non inclúa o desenvolvemento de actividades clínicas, o cómputo da xornada e a capacidade lectiva non será inferior á legalmente establecida (RD 898/1985 de 30 de abril)
- Axudantes 2 horas/semana ou 60 horas/ano lectivas e igual número de horas de titoría.

b) Profesorado a tempo parcial

- Profesorado con dedicación a tempo parcial P6 : 6 horas/semana ou 180 horas/ano lectivas e 180 horas de titoría.
- Profesorado con dedicación parcial P3: 3 horas/semana ou 90 horas/ano lectivas e 90 horas de titoría.
- Profesorado con praza asistencial vinculada (RD 1558/86 do 28 de xuño): tempo parcial P6 : 4,5 horas/semana ou 135 horas/ano lectivas e 3 horas/ semana ou 90 horas/ano

¹ Agás Profesores Titulares de Escola Universitaria, non doutores, nos casos de forza maior ou excepcionais nos que non sexa posible asumir o encargo docente cos recursos humanos existentes e a limitación para a creación de prazas, que supón a actual coxuntura económica de axuste orzamentario cuxa dedicación será de 360 horas lectivas e 180 horas de titoría.

de titorías. No caso de que a planificación académica (encargo docente) non inclúa o desenvolvemento de actividades clínicas, o cómputo da xornada e a capacidade lectiva non será inferior á legalmente establecida (RD 898/1985 de 30 de abril).

- Profesorado con praza asistencial vinculada mediante convenio ao Hospital Veterinario Universitario Rof Codina, segundo o especificado no convenio tanto para as horas lectivas como para as de titoría. No caso de que a planificación académica (encargo lectivo) non inclúa o desenvolvemento de actividades clínicas, o cómputo da xornada e a capacidade lectiva non será inferior á legalmente establecida (RD 898/1985 de 30 de abril)

c) Outro persoal docente investigador

- Investigadores RC, IPP ou similares: a súa capacidade lectiva será a indicada nas convocatorias respectivas, con igual número de horas de titoría, previa verificación dos requisitos para a participación na docencia e o compromiso de asumila segundo o procedemento de asignación de cada departamento.

Profesorado emérito da USC: poderán ter un encargo de 90 horas lectivas en Posgrao (oficial ou propio) se ben este encargo lectivo non computará aos efectos da capacidade docente das áreas de coñecemento.

2.- Capacidade lectiva² clínica da área

É a suma das capacidades lectivas clínicas das prazas de profesorado ocupadas da área.

2.1 Capacidade lectiva clínica das distintas figuras do profesorado a tempo completo e tempo parcial

- Profesorado con praza asistencial vinculada: $\frac{1}{4}$ da súa capacidade total: Tempo completo: 2 horas/semana ou 60 horas/ano– Tempo parcial P6: 1,5 horas/semana ou 45 horas/ano. Cando a planificación académica non inclúa o desenvolvemento do máximo de actividades exclusivamente docentes (teoría, laboratorio, etc.) o cómputo da xornada non será inferior á legalmente establecida de xeito que a capacidade docente dispoñible deberá incorporarse ao resto das horas dedicadas á docencia clínica³ (Base decimo terceira tres.2 do RD 1558/86 do 28 de xuño).
- Profesorado con praza asistencial vinculada mediante convenio ao Hospital Veterinario Universitario Rof Codina, segundo o especificado no convenio tanto para as horas lectivas como para as de titoría.
- Profesorado Asociado de Ciencias da Saúde (PACS) con docencia só clínica (asistencial): 15 horas/semana ou 450 horas/ano (RD 1558/86 do 28 de xuño) e 90 horas de titoría ou asistencia ao alumnado. Esta mesma dedicación terán os PACS do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina. No caso de que este profesorado imparta docencia non clínica, excepcionalmente, esta deberá ser autorizada pola Vicerreitoría con competencias en organización académica.

² Cando non se mencione expresamente o tipo de capacidade lectiva (non clínica ou clínica) entenderase sempre CAPACIDADE LECTIVA NON CLÍNICA.

³ Debe entenderse por docencia clínica a que se realiza durante a actividade asistencial

3.- Criterios para determinar as necesidades lectivas das áreas de coñecemento para o curso 2016/2017

O cálculo de horas lectivas faise seguindo os criterios que aquí se determinan tendo en conta os Regulamentos de adscrición (CG 19/11/09, CG 21/12/09 e as correspondentes modificacións) e de Asignación de docencia en Materias de Grao e Máster, (CG 17/02/10 e as correspondentes modificacións) e o Regulamento dos estudos de doutoramento.

Para o seu cálculo debe terse en conta a complicada situación económica de crise, e a normativa que é de aplicación que limita a posibilidade de atender todas esas necesidades cando supoña incorporar novos recursos.

3.1 Calculo das horas lectivas e de titorías

Número de Alumnos por grupo segundo o tipo de docencia

Tipos de docencia	Módulo grupo (alumnos)		Constitución novo grupo	
	Grao	Máster	Grao	Máster
Docencia expositiva/ encerado	80	45	101	57
Docencia interactiva (Seminario)	30	30	38	38
Docencia interactiva (Laboratorio, ordenador, etc.)	20	20	26	26
Titorización en aula	10	10	13	13
Clínicas con pacientes humanos	5	5	-	-
Outras docencias clínicas asistenciais	7	7	-	-
Outras docencias clínicas non asistenciais ⁴	10	10	13	13
Practicum	Non se establece módulo ⁵			
Practicas externas Grao/ Máster por profesor e curso académico	30	30		
Traballos fin de Grao/Máster ⁶ (por titor e curso académico)	1 ⁷	1		

⁴ No caso de visitas e prácticas de campo, este módulo só poderá aplicarse cando as Necesidades lectivas non clínicas e clínicas das áreas de coñecemento teñan valores positivos.

⁵ O centro poderá organizar os grupos coas sesións que se imparten na USC como unha materia ordinaria ou segundo se indica na memoria. En todo caso, o total de horas de tódolos grupos non poderá superar o número de horas que resulte de multiplicar o número de alumnos X 2 hora lectiva por alumno novo.

⁶ No caso de haber cotutores o número de alumnos por grupo poderá ser o duplo.

⁷ O número máximo (orientativo) de TFG e TFM que un Profesor/a poderá titorizar será 10 no caso do Grao e 5 no caso dos Másteres, en cada curso académico. No caso de que un profesor titorice alumnado de grao e de máster o número de traballos que poderá titorizar deberá ponderarse respecto do número máximo para cada un dos títulos.

Constituirase un novo grupo en expositiva, interactiva e docencia clínica non asistencial, cando o número de alumnos supere, en cada un dos grupos creados, nun 25 % o módulo de alumnos establecido para a docencia da que se trate.

3.2 Cómputo do número de alumnos

- Matrícula actualizada do alumnado do curso 2015/2016 a partir do momento da aprobación deste acordo polo Consello de Goberno .
- Contabilízanse os alumnos de nova matrícula máis un 40 % dos alumnos repetidores.
- Para os Traballos Fin de Grao e Fin de Máster (en diante TFG e TFM) tomarase como estimación de alumnado os matriculados na materia, que teñan asignado as liñas de traballo pola Comisión do TFG do centro ou órgano competente responsable do TFM e de ser o caso tutoría. Os responsables das titulacións comunicarán esta información á Vicerreitoría con competencias en organización académica a través do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica indicando o número de alumnos asignados á área de coñecemento en función das liñas de traballo asignadas e o PDI que titorizará aos estudantes.

4. Determinación do encargo lectivo (non clínico e clínico) das áreas de coñecemento

O Encargo lectivo (non clínico e clínico) é a suma do encargo lectivo (non clínico e clínico) que reciben as áreas de coñecemento nas titulacións de Grao e de Máster⁸ e de ser o caso Doutoramento.

4.1 Encargo lectivo en Graos e másteres:

É a suma do número de horas de docencia expositiva polo número de grupos de docencia expositiva + número de horas de docencia interactiva polo número de grupos de docencia interactiva + o número de horas de docencia clínica polo número de grupos de docencia clínica de cada materia de grao e máster con docencia asignada á area.

A suma das horas das materias que imparten todas as áreas que interveñen nas titulacións determinarán o encargo lectivo das titulacións oficiais.

Non computan para o cálculo deste encargo lectivo :

- O encargo lectivo dos másteres cuxas materias teñan matriculados menos de 10 alumnos novos.
- No caso dos másteres interuniversitarios e internacionais os alumnos novos serán os matriculados na materia (non na universidade) sempre que esta se imparta conxuntamente para todo o alumnado matriculado no máster e nas outras universidades, en caso contrario é dicir que a docencia da materia non se imparta conxuntamente senón que cada universidade imparte a materia só para os estudantes matriculados na súa universidade, aplicarase o mesmo criterio que para os másteres cunha matrícula menor de 10 alumnos.

⁸ A Vicerreitoría con competencias en organización académica, sempre que a capacidade lectiva das áreas o permita, poderá suxerir nuns casos e autorizar noutros a impartición de docencia que non computaría no encargo lectivo das áreas de coñecemento aos efectos dos cálculos conxunturais, aínda que si será considerada no POD do profesorado.

4.1.1 Encargo lectivo de referencia e titorías nunha materia tipo de 6 ECTS de Grao

As horas das actividades lectivas e de titorías que se utilizan como referencia nunha titulación de grao para cada grupo de docencia asignado son: 4 horas por crédito ECTS en docencia expositiva; 4 horas por crédito ECTS de docencia interactiva e 0,5 horas de titoría por crédito ECTS.

4.1.2 Encargo lectivo e titorías para os traballos fin de grao (TFG)

Nº ECTS do TFG	6 ECTS	6<ECTS≤12	12<ECTS≤18	18<ECTS≤24	ECTS >24
Horas lectivas	3	3.5	4	4,5	5
Horas titorías	5,5	6,5	8.5	9,5	10.5
No caso de TFG das titulacións reguladas de enxeñaría					
Horas lectivas	4	5	6	7	8
Horas titoría	10,5	12,5	16,5	18,5	20,5

4.1.3 Encargo lectivo e titorías na dirección en Prácticas Externas de Grao (PEG) asignadas ás áreas da USC, en ningún caso área externa: número de alumnos x número de horas lectivas por dirección segundo a seguinte táboa:

Nº ECTS das PEG	ECTS≤6	6<ECTS≤12	12<ECTS≤18	ECTS>18
Horas lectivas	0,3	0,4	0.5	0.6
Horas titorías	1	1.25	1.5	1.75

4.1.4 Practicum Grao: Teñen esta consideración as materias obrigatorias que nos programas de estudos figuran con esta denominación e corresponden a títulos de profesións reguladas, ou que gozan de tradición nas distintas titulacións nas que se aplica unha metodoloxía de traballo específica tanto nos centros docentes como nas institucións nas que se deben realizar. O encargo lectivo para a realización dos prácticum será o que se establece no punto 3.1 sendo como máximo o que segue:

Practicum	2 horas lectivas por cada estudante matriculado nesa materia
-----------	--

4.1.5 Encargo lectivo de referencia e titorías nunha materia tipo de 6 ECTS de máster universitario :

As horas das actividades lectivas e de titoría que se utilizan como referencia, nunha titulación de máster universitario para cada grupo de docencia asignado,: 3 horas por crédito en docencia expositiva; 4 horas por crédito en docencia interactiva e 1 hora de titoría por crédito ECTS.

4.1.6 Encargo lectivo e titorías na dirección de Traballos Fin de Máster (TFM) asignados á área:

Nº ECTS do TFM	6 ECTS	6<ECTS≤12	12<ECTS≤18	18<ECTS≤24	ECTS >24
Horas lectivas	3,5	4	4.5	5.5	6.5
Horas titorías	8	9.5	12.5	14	15.5

No caso dos TFM das titulacións reguladas de Enxeñaría					
Horas lectivas	4,5	5	5.5	7.5	8,5
Horas titoría	11,5	14	18.5	20.5	22.5

4.1.7 Encargo lectivo na dirección das Prácticas Externas de Máster (PEM) asignadas á área da USC, en ningún caso área externa: número de alumnos x número de horas lectivas por dirección segundo a seguinte táboa:

Nº ECTS das PEM	ECTS≤6	6<ECTS≤12	12<ECTS≤18	ECTS>18
Horas lectivas	0,3	0,4	0.5	0.6
Horas titorías	1	1.25	1.5	1.75

4.1.8 Prácticum Máster: Teñen esta consideración as materias obrigatorias que nos programas de estudos figuran con esta denominación e corresponden a títulos de profesións reguladas, que gozan de tradición nas distintas titulacións e para as que se aplica unha metodoloxía específica tanto nos centros docentes como nas institucións nas que se deben realizar. O Encargo lectivo para a realización do prácticum terá como límite máximo o que segue

Practicum	2 horas lectivas por cada estudante matriculado nesta materia.
-----------	--

5. Cómputo das actividades de xestión e representación sindical

Son horas de dedicación que corresponden polo desempeño de cargos de xestión ou dirección e representación sindical e que supón unha redución das horas lectivas do PDI afectado en virtude da correspondente resolución reitoral, de acordo co aprobado polo Consello de Goberno ou a normativa de aplicación (ANEXO I) .

O cómputo polas actividades de xestión será ata un máximo de 3 PDI a tempo completo en cada área (720 horas)entre os dous campus, cun reparto proporcional. Este límite poderá superarse cando entre o PDI afectado figuren os cargos que corresponden ao Equipo de dirección da USC.

As actividades de xestión e representación sindical afectan á capacidade lectiva polo que deben deducirse desta capacidade obtendo como resultado a CAPACIDADE LECTIVA NETA.

Recoñeceranse **20 horas docentes equivalentes** á actividade de xestión de coordinación de área de coñecemento cando o departamento estea constituído por máis dunha área de coñecemento e esta conte con polo menos cinco profesores a tempo completo.

6. Recoñecemento das actividades académicas do PDI.

A Planificación Académica Anual do curso 2016/2017 deberá ter en conta o traballo que desenvolve o PDI a tempo completo en relación coas actividades docentes, de investigación, de xestión e representación sindical. Non obstante, a aplicación efectiva das actividades que se relacionan nesta Normativa estará supeditada a garantir a impartición da docencia asignada na PAA á área de coñecemento do profesor/a.

Con carácter xeral, a valoración destas actividades minorarase de xeito proporcional a cada profesor/a da área de coñecemento. Nos casos excepcionais nos que non se poidan aplicar

estas minoracións na súa totalidade, terán prioridade as actividades académicas e docentes que teñen relación co sistema de coordinación interno das titulacións (coordinación de titulación, curso, módulo, materia etc).

7. Recoñecemento da actividade investigadora (AI)

A actividade investigadora continuará incorporándose ao cómputo da dedicación ordinaria do PDI formando parte da súa actividade académica segundo se establece neste acordo. A súa medida serán horas docentes equivalentes que se aplicarán segundo os indicadores relacionados co desenvolvemento da actividade investigadora en todas ás áreas de coñecemento e que deberán poder medirse de xeito obxectivo.

As horas docentes equivalentes que o profesor poderá computar no seu POD sempre que a capacidade lectiva neta da área o permita veñen determinadas polos seguintes indicadores:

- a) Sexenios de investigación do PDI da área: 20 horas docentes equivalentes sempre que o último sexenio obtido corresponda cun período de tempo que se solape cos 8 anos previos ao da solicitude, e 5 horas por cada sexenio anterior. No caso de PDI que teña recoñecido o máximo de seis sexenios asignaranse 20 horas ao último sexenio obtido, aínda que fose recoñecido con anterioridade ao período dos 8 anos sinalados.
- b) Proxectos de investigación (con Investigador Principal da USC) que esta en vigor no momento de elaborar a proposta de recoñecemento. O investigador principal do proxecto distribuirá a valoración docente correspondente ao proxecto entre os membros do equipo investigador. As horas docentes equivalentes deste indicador son:

Proxecto Autonómico ⁹	40 horas/ano
Proxecto Estatal ou Proxecto Estatal Singular con participación da USC como socio ¹⁰	60 horas/ano
Proxecto Estatal Singular coordinado pola USC	80 horas/ano
Proxecto Internacional con participación da USC como Socio	100 horas/ano
Proxecto Internacional coordinado pola USC	120 horas/ano

- c) Teses de doutoramento

Recoñeceranse 25 horas por cada tese defendida na USC ou noutras universidades, previa xustificación, onde se faga constar a relación de directores dela, nos dous anos naturais anteriores a aquel no que se cursa a solicitude, sempre que a cualificación obtida pola tese fose de *cum laude*. O número de horas incrementarase a 35 horas (directores/titores) no caso de teses con Mención Europea/Internacional ou as realizadas dentro de Programas de Doutoramento con Mención de Calidade, neste caso non se require a mención cum laude. No caso de que a tese fose dirixida por máis dun/ha doutor/a o recoñecemento repartirase entre os mesmos. A máxima valoración que un/ha profesor/a pode acadar neste apartado é de 70 horas.

⁹ Nestes proxectos inclúense os Proxectos de Promoción Xeral e Proxectos Sectoriais de Investigación (convocatoria competitiva)

¹⁰ INTERCONECTA: No caso dos interconecta no caso de haber subproxectos recoñeceranse 10 HDE por cada subproxecto ata un máximo de 80 horas

No caso da titorización/dirección dunha tese de doutoramento, nos últimos dous anos anteriores a aquel no que se cursa a solicitude, o número de horas equivalentes que un profesor/a poderá computar no seu POD será de 5 horas pola titorización dunha tese en cada curso académico, previa xustificación. O número máximo de horas que un PDI pode acadar neste apartado será de 15. Para o recoñecemento destas horas docentes equivalentes é necesario ter asinada a avaliación anual co informe do doutorando.

Outras actividades de investigación que non afectan á capacidade lectiva neta e que o profesorado poderá computar como horas docentes equivalentes (HDE) son:

20 HDE polo desempeño de funcións de dirección/edición e/ou secretaría de redacción das revistas da USC. No caso de codireccións as HDE repartiranse entre os codirectores proporcionalmente.

20 HDE para os membros do Órgano habilitado do Comité de Bioética¹¹ (OHCB) e do Comité de Ética en Experimentación Animal (CEEA)

7.1 Criterios para o cómputo da AI

Cada departamento encargárase de determinar os valores dos indicadores da actividade investigadora do seu profesorado e da súa transformación en horas docentes equivalentes.

As horas docentes equivalentes pola AI aplicaranse individualmente a cada profesor que teña dedicación a tempo completo.

O valor máximo parcial que se poderá obter pola AI para cada profesor é de 100 horas docentes equivalentes. Non obstante, cando o profesor desempeñe unha actividade de xestión ou representación sindical poderá recoñecérselle como horas docentes equivalentes ata 30 horas máis das que ten recoñecidas pola actividade de xestión ou representación.

8. Recoñecemento da actividade docente (AD)

A actividade docente incorpórase ao cómputo da dedicación ordinaria do profesor formando parte da actividade académica que realiza este persoal. Mídese en horas docentes equivalentes que se aplicarán a tódalas áreas mediante indicadores que poden medirse de xeito obxectivo.

Indicadores e cómputo:

a) Coordinación docente nas distintas titulacións

- Coordinación das titulacións de Grao cando nun centro se impartan dúas ou mais titulacións (Grao ou Máster) ou unha en distintas modalidades, ou o equipo de dirección conte con só un vicedecano/subdirector: 60 horas equivalentes
- Coordinación de curso/módulo das titulacións de grao: 10 horas equivalentes
- Coordinación de módulo/especialidade nas titulacións de máster : 10 horas equivalentes

¹¹ Agás a presidencia e secretaría do Comité de Bioética ao igual que o Xefe Veterinario do animalario que teñen unha redución de docencia de 60 horas (CG 24 setembro 2013).

- Coordinador de materia/módulo¹² cando estas teñan dous ou mais grupos de docencia expositiva e sexan impartidas por dous ou máis profesores: 5 horas equivalentes.
- Coordinador de prácticas de grao ¹³ : 20 horas equivalentes cando o responsable non sexa membro do equipo de dirección do centro que organiza a titulación.
- Coordinación Práctica Externa Clínica e ou Práctica Externa non Clínica e da Administración: 30 horas equivalentes.
- Coordinador de Itinerario, mención ou intensificación curricular de titulación de grao: 10 horas cando este teña como mínimo 30 ECTS en materias do itinerario distintas ás do resto da titulación
- Coordinación de Traballo fin de Grao e Fin de Máster 20 horas docentes equivalentes cando o responsable non sexa membro do equipo de dirección do centro que organiza a titulación ou da titulación no caso do máster.
- Participación na avaliación dos TFG e TFM: 1 hora por cada 5 alumnos avaliados.
- Coordinador de mobilidade ou intercambio de estudantes: 10 horas por coordinar de 3 a 10 estudantes; 15 horas por coordinar de 11 a 20 e 20 horas cando sexan máis de 20 estudantes.
- Apoio titorial extraordinario a razón de 2 horas lectivas e 6 horas de titorías por alumno-materia (máximo 2 materias). Os alumnos que se terán en conta no cómputo son os titorizados no curso anterior.

b) Número de alumnos por grupo de docencia teórica ou expositiva que debe atender un PDI adscrito a unha área de coñecemento

Co fin de ter en conta o maior esforzo ligado aos grupos cun maior número de estudantes, as horas expositivas de Grao e máster irán afectadas dun factor corrector recollido nas seguintes táboas. Neste caso, o cómputo dos repetidores non poderá exceder o 20 % dos estudantes de nova matrícula.

Grao e Máster	Ate 48 alumnos	De 49 a 64 alumnos	De 65 a 80 alumnos	De 81 a 100 alumnos	Mais de 100 alumnos
Coefficiente corrector	1	1.3	1.4	1.5	1.6

c) Recoñecemento da docencia en Inglés

As horas docentes equivalentes polo esforzo ligado á preparación e impartición de docencia en inglés calcularanse multiplicando as horas lectivas que imparte un PDI nese idioma por un

¹² O módulo só no caso de que o título teña como estrutura mínima o módulo e non a materia.

¹³ Terase en conta un máximo de 1 coordinador/a por centro, agás que no centro se impartan titulacións cun alto número de alumnos en prácticas, en cuxo caso valorarase a necesidade de incrementar o recoñecemento ou de conceder un coordinador/a por cada titulación .

coeficiente corrector de 1,3 nos tres primeiros anos nos que a materia/grupo se imparta en inglés.

8.1 Criterios para o cómputo da AD

As horas docentes equivalentes que resulten da aplicación destes indicadores computaranse individualmente a cada profesor que teña dedicación a tempo completo.

O valor máximo parcial de recoñecemento pola AD para cada PDI é de 100 horas docentes equivalentes. Non obstante cando o PDI desempeñe unha actividade de xestión ou representación sindical poderá recoñecérselle como horas docentes equivalentes ata 30 horas máis das que ten recoñecidas pola actividade de xestión ou representación.

9. Cómputo MÁXIMO GLOBAL da AI + AD + XESTION / R.SINDICAL

O **MÁXIMO GLOBAL de horas docentes equivalentes** que pode acadar un PDI pola AI+AD non poderá ser superior a 120 horas. Sen embargo, cando o PDI desempeñe actividades de xestión ou representación sindical poderá recoñecérselle como horas docentes equivalentes ata 30 horas máis das que ten recoñecidas pola actividade ou cargo que desempeña.

10. Determinación das necesidades lectivas non clínicas e clínicas

As horas lectivas Non Clínicas = Encargo lectivo non clínico das titulacións oficiais + Actividade Investigadora + Actividade docente + Horas docentes Equivalentes en actividades de xestión

As horas lectivas clínicas = Encargo lectivo clínico das titulacións oficiais.

NECESIDADES LECTIVAS NON CLÍNICAS é a diferenza entre a Capacidade lectiva neta non clínica e as horas lectivas non clínicas.

NECESIDADES LECTIVAS CLÍNICAS e a diferenza entre a Capacidade lectiva clínica e as horas lectivas clínicas

CAPITULO II

CRITERIOS PARA A DETERMINACIÓN DA OFERTA ACADEMICA DAS TITULACIONES OFICIAIS DA USC (GRAOS, MASTERES E DOUTORAMENTOS)

Para o establecemento destes criterios é necesario considerar o actual contexto económico no que debe desenvolver a súa actividade a USC así como as directrices que marcan as leis das Administración Autonómica e Central en relación co axuste orzamentario e o plan económico financeiro de reequilibrio da USC.

As normas que afectan a PAA ademais do establecido neste acordo son as seguintes:

- *Regulamento de asignación efectiva do encargo docente das materias das titulacións de Grao e Máster a departamentos e áreas de coñecemento (Acordo do Consello de Goberno do 17/02/2010) e a súa modificación.*

- *Regulamento de adscrición funcional aos efectos de docencia das materias das titulacións de Grao e Máster a departamento e áreas de coñecemento (Acordo do Consello de Goberno do 19/11/2009 e do 21/12/2009 respectivamente) e as súas modificacións.*
- *Regulamento dos estudos de doutoramento (Programas de doutoramento segundo o RD 99/2011)*
- *A Normativa de mobilidade entre os campus de Santiago de Compostela e Lugo para PDI con vinculación permanente á Universidade de Santiago de Compostela, (Acordo do Consello de Goberno do 21 de decembro de 2009)*
- *A Normativa para a organización docente de 1º e 2º ciclo, aprobada pola Xunta de Goberno o 31 de outubro de 1996, e modificacións, en todo aquilo que non contradiga este acordo . <http://www.usc.es/gl/normativa/orgdocente/norma.html>*
- *O Plan de Calidade : <http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/calidade/descargas/Planificacion/PlanCalidade.pdf>*
- *Criterios para a oferta de continuidade dos másteres interuniversitarios (Acordo do Consello de Goberno do 25 de maio de 2012).*

1. Elaboración do plan docente anual (PDA) das titulacións oficiais polos órganos responsables dos graos, másteres e de ser o caso programas de doutoramento (en diante órganos responsables) .

Para a elaboración do PDA das titulacións oficiais os órganos responsables deberán axustarse ao marco normativo que regula cada unha delas para o que deberán ter en conta:

- a) As materias de formación básica, obrigatorias, e optativas nas titulacións de Grao ; e as materias obrigatorias e optativas para as titulacións de máster universitario.
- b) O Regulamento de asignación efectiva do encargo docente das materias das titulacións de Grao e Máster a departamentos e áreas de coñecemento tendo en conta a capacidade lectiva efectiva das áreas de coñecemento en cada campus.
- c) No caso dos programas de doutoramento os complementos formativos específicos que, cando non están incluídos en ningunha materia de grao ou de máster, deberán asignarse á área de coñecemento á que corresponde o PDI que os imparta.
- d) O número de estudantes matriculados en cada materia no curso 2015/2016 ou a súa estimación no caso das materias que se ofertan por primeira vez no curso 2016/2017 de acordo co que se establece para o cómputo das Necesidades Lectivas non clínicas e clínicas.

Os órganos responsables, de ser o caso, previa información aos departamentos, coa súa colaboración dentro do posible, deberán facer unha proposta de PDA considerando a dispoñibilidade dos recursos humanos cos que contan as áreas de coñecemento e os medios materiais existentes nos centros, utilizando principios de optimización dos recursos ao asignar a docencia as áreas de coñecemento ás que están adscritas as materias e as afinidades establecidas segundo a normativa que é de aplicación.

A Vicerreitoría con competencias en organización académica realizará a asignación efectiva do encargo docente das materias das titulacións para o que tomará como referencia o acordo de adscrición das materias de grao e máster ás áreas de coñecemento dándolle a prioridade que corresponda segundo os coeficientes de afinidade e as Necesidades lectivas das áreas. Esta asignación, poderá ser modificada polos órganos responsables das titulacións na elaboración do Plan docente Anual de acordo co que establece o propio Regulamento de asignación (artigos 3 e seguintes). A proposta de PDA contará coa seguinte información :

- En cada materia a estimación de matrícula de alumnos novos e repetidores e o número de grupos conseguidos segundo o módulo que se aplica a cada tipo de docencia.
- Para cada materia, as horas para cada tipo de docencia segundo as horas de referencia que se establece para a materia tipo de grao e máster. Os centros poderán modificar este reparto de horas, sen embargo o cómputo total das horas lectivas, e de ser o caso, das horas de titoría (de cada curso ou da titulación) non deberá superar o que resulte cando se aplican as horas de referencia para cada tipo de docencia da materia tipo, agás no caso das titulacións cuxas resolucións de verificación establecen un número de horas presenciais distinta as de referencia.
- Na oferta das materias das titulacións de Graos e de Másteres, deberá terse en conta que as materias ofertadas en cada semestre e vinculadas a cada curso, que teña que matricular un estudante debe garantir un equilibrio para que poida matricular 30 ECTS por semestre o que equivale a 750 horas de traballo en cada un deles (25 horas X 30 ECTS).

De maneira excepcional, e sempre en casos debidamente xustificados por razóns de calidade e mellora dos resultados, os órganos responsables de elaborar o PDA poderán constituír máis grupos dos que resulten pola aplicación dos módulos sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Compromiso dos departamentos para que este maior encargo docente non afecte ás áreas negativamente nin vaia en detrimento da aplicación do recoñecemento da actividade docente e da actividade investigadora segundo recolle esta normativa.

b) Compromiso dos departamentos para non demandar novos recursos debendo atender cos existentes as ausencias, baixas do PDI, etc.

c) Non se admitirán as propostas dun maior número de grupos que os que resulta da aplicación do módulo de constitución de grupo para as materias cando as necesidades lectivas das áreas de coñecemento sexan equivalentes ou superiores á súa capacidade lectiva.

A aprobación das modificacións, polos órganos responsables, do reparto de horas das materias por tipo de docencia e a constitución de grupos adicionais (consonte ao arriba indicado) deberá notificarse á Vicerreitoría con competencias en organización académica que podería non autorizalas. Asemade a Vicerreitoría tamén podería aprobar un número maior de grupos en PDA cando, logo da creación consonte ao módulo por tipo de docencia, sexa preciso a igualación do número de grupos expositivos en cada curso, e o axuste entre a docencia expositiva e interactiva. Neste caso, os grupos adicionais formarán parte do PDA. Nos demais casos de grupos adicionais, o encargo lectivo e de titoría que deles se derive será recoñecido no POD do profesorado que imparta a docencia e deberán terse en conta nos horarios e na programación

que afecte aos estudantes, en todo caso, non serán tidos en conta aos efectos do cómputo nas necesidades lectivas das áreas.

No curso 2016/2017 continuará o proceso de extinción das titulacións non adaptadas ao EEES, polo tanto os órganos responsables deberán realizar a oferta de materias consonte ao que establece o *Acordo do Consello de Goberno para a extinción dos planos de estudo actuais pola implantación dos Graos* (14 maio 2009): ([http://www.usc.es/export/sites/default/gi/servizos/sxopra/descargas/2009_05_14_Acordo CG_E_xtincion_planos_estudo.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gi/servizos/sxopra/descargas/2009_05_14_Acordo	CG_E_xtincion_planos_estudo.pdf)). Polo mesmo motivo, os departamentos non poderán formular novas propostas de materias de libre elección específica.

1.1 Da actuación en relación coas necesidades lectivas para a optimización dos recursos na elaboración do PDA

Cando o encargo lectivo das áreas de coñecemento que teñen asignada a docencia das titulacións ofertadas, teña un valor superior ou próximo ao da Capacidade lectiva neta desas mesmas áreas actuarase como segue:

a) Accións relativas a oferta académica nas titulacións oficiais:

- Cando unha mesma materia se oferte para distintas titulacións que pertencen ao mesmo sistema de ordenación das ensinanzas universitarias e o número de estudantes matriculados en cada materia así o permita, tan só se ofertará docencia no grupo ou grupos que se fagan necesarios en función do número de estudantes matriculados. Este proceso derivará en materias incluíntes, que son as que se ofertan, e incluídas, as que se ofertan por medio da materia incluínte.
- Que a ratio de oferta de optativas non supere a relación de entre 2,5 ou 2 créditos optativos ofertados por cada crédito optativo que deba cursar un estudante segundo as condicións de terminación do plano de estudos, respectando en todo caso a singularidade que a este respecto establece cada plan de estudos. Esta actuación permitirá ofertar en mellores condicións o resto das materias.
- Posibilidade de retirar da oferta materias optativas cando o número de estudantes matriculados sexa inferior a 5 no caso das titulacións de máster e 10 alumnos nas de grao. Non obstante a este respecto deberá terse en conta consideracións como o total de alumnos que acceden á titulación, recursos, mencións ou especialidades, etc

b) Accións en relación coas áreas de coñecemento e os grupos de docencia

- Posibilidade de asignar a docencia ou de adscribir as materias a outras áreas con maior dispoñibilidade docente, consonte aos acordos de adscrición.
- Posibilidade de axustar o encargo lectivo á capacidade neta reducindo o número de grupos de xeito que o encargo docente en todos os grupos propostos quede provisionalmente cuberto.

1.2 – Modificacións de PDA

A Vicerreitoría con competencias en organización académica só admitirá modificacións de PDA debidamente xustificadas e as mesmas deberán estar solicitadas na aplicación Xescampus

antes de que finalice o curso académico ao que afectan. Como norma xeral non se autorizarán modificacións ao PDA que teñan carácter retroactivo.

2.- Da elaboración do plan de organización docente (POD) polos departamentos

Os departamentos están obrigados a impartir toda a docencia ofertada pola Universidade de Santiago dentro dos seus plans de estudo oficiais durante toda a duración do curso académico, de tal xeito que, no caso dun imprevisto, en ningún caso poderán quedar estudantes sen que se lles imparta a docencia que lles corresponde, con independencia dos recursos que nese momento teña o Departamento, ou de que os procesos de contratación dos novos recursos teñan ou non finalizado.

Os departamentos deberán considerar todo o encargo lectivo por obrigas docentes nas titulacións oficiais que oferta a USC, seguindo os criterios que se establecen neste acordo, e aplicar, no caso de haber recursos, os recoñecementos pola Actividade investigadora (AI) e pola Actividade docente (AD) de xeito equilibrado nos termos que se indican neste acordo.

Os departamentos farán a distribución das horas lectivas entre os seus membros respectando o seu réxime de dedicación e a área de coñecemento á que están adscritos, seguindo os criterios que, de ser o caso, teñan aprobados, ou en aplicación da Normativa sobre o Criterio de Antigüidade do Persoal Docente e Investigador para efectos internos na USC (acordo do Consello de Goberno do 4 de febreiro de 2015).

O recoñecemento das horas docentes equivalentes no POD deberá realizarse nos termos que establece esta Normativa. En todo caso o PDI da USC deberá ter asignado, polo menos, un encargo docente no seu POD, de 60 horas lectivas (tanto en grupos ordinarios como de centro). O Consello de departamento non poderá aprobar o POD se non se cumpre este requisito.

O departamento deberá cubrir, toda a docencia programada no PDA dunha titulación. Para cubrir este PDA terán prioridade as materias correspondentes aos graos sobre os másteres universitarios, e estes sobre as titulacións propias. Asemade terán prioridade no encargo docente as materias de formación básica e obrigatorias sobre as optativas.

As áreas de coñecemento que non poidan implementar, na súa totalidade, o recoñecemento da AI e da AD, por non ser suficiente a capacidade lectiva en relación co encargo lectivo, procederán á súa consideración parcial na medida na que existan recursos na capacidade lectiva das áreas. O recoñecemento que se poderá realizar, a cada membro do PDI, será proporcional á súa achega a cada un destes conceptos segundo o que establece esta normativa.

O profesorado deberá figurar no POD no grupo no que imparte docencia para que a información que reciban os estudantes nos seus horarios se corresponda coa realidade.

Segundo a *Resolución do 18 de abril de 2000 da Vicerreitoría de Investigación, o Acordo da Comisión Delegada de Xunta de Goberno do 4 de abril de 2000 e o Real Decreto 63/2006 de 27 de xaneiro que aproba o Estatuto do persoal investigador en formación*, procede a inclusión no POD das titulacións de grao, daqueles/as bolseiros/as ou investigadores en formación que estean autorizados para impartir docencia en base á convocatoria da bolsa ou ao seu contrato en prácticas. Esta docencia ao ter carácter formativo, deberá ser de docencia interactiva (seminario, laboratorio, clínica) e, en todo caso, tutelada por un/unha profesor/a ou por un investigador doutor pertencente a o programa Parga Pondal (en diante PP), Ramón y Cajal (en

diante RyC) ou equivalente. Tamén poderán participar, nas mesmas condicións, nas titulacións de Máster sempre que posúan o título de máster ou unha titulación equivalente ao nivel 3 do MECES. A colaboración deste tipo de persoal non suporá, en ningún caso, a asunción de responsabilidades que lle corresponden ao profesorado, nin as súas obrigas docentes poderán ser distintas nin superiores ás que estableza a convocatoria da bolsa ou do contrato. O procedemento para o cómputo das horas deste persoal deberá realizarse segundo a Instrución da Vicerreitoría de Organización Académica e Persoal Docente e Investigador do 8 de xaneiro de 2015.

Nas titulacións de grao tenderase a que sexa un único profesor o que imparta a materia de xeito integral, non obstante, cando por motivos de capacidade das áreas ou de programación académica das materias isto non sexa posible, procurarase que o número de profesores que interveñan na docencia dunha materia sexa o menor posible, a tal fin recoméndase que para as materias de 4,5 ECTS o número de profesores sexa 1 e no caso de que teñan máis de 4,5 ECTS o seu número non sexa superior a dous. Para as titulacións de máster recoméndase que non haxa máis de dous profesores encargados dunha materia se esta ten máis de 3 créditos e 1 profesor no caso de que teña 3 créditos ou menos. Cando esta norma non se cumpra deberá achegarse a oportuna xustificación.

Cando o PDI non imparta docencia nunha materia non poderá ter asignadas titorías na citada materia. Igualmente no caso dos Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Máster tampouco se poderá asignar horas de titoría ao PDI distinto do que titoriza ou cotitoriza os TFG e TFM.

Os departamentos, sempre que sexa posible, intentarán que o número de materias distintas que deba impartir cada profesor sexa equilibrado entre todos os membros do departamento e área de coñecemento, igualmente deberán procurar que o número de horas lectivas que deba impartir o PDI sexa equilibrado e proporcional á súa dedicación considerando as horas docentes equivalentes. Asemade deberán favorecer medidas de conciliación entre a vida laboral e familiar, de acordo coas accións recollidas na Área 4 de Conciliación e Corresponsabilidade do II Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes:

http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/oix/descargas/II_PEIOMH.pdf

Cando despois de comezado o curso académico, haxa PDI que se deba incorporar ao departamento, ou ben haxa previsións de baixas ou licencias por maternidade, ou mesmo cambios de contratos e/ou dedicacións, as obrigas docentes do PDI (horas lectivas e titorías) segundo a súa dedicación, deberán ponderarse de xeito proporcional ao período que lle reste do curso académico, ou ao período de traballo efectivo realizado no curso, respectivamente, consonte á dedicación que lle corresponda. Non obstante, e tendo en conta que a docencia total do profesorado poderá acumularse en determinados períodos do curso académico, de conformidade co Plan de Organización Docente (POD), sempre que as necesidades do servizo o permitan e respectando os límites determinados na lexislación vixente, o PDI que se atope nestas situacións podería impartir máis horas lectivas, segundo a súa dedicación, no caso de que o departamento, coa súa aceptación, así o aprobe e a Vicerreitoría con competencias na materia o autorice, previa xustificación razoada da proposta.

Cando o departamento non cubra toda a docencia asignada ás súas áreas de coñecemento por haber prazas en concurso pendentes de resolución deberán ter en conta que:

- a) A docencia sen cubrir deberá ser a que se lle asigne á persoa que resulte contratada logo da resolución do concurso de forma que se poidan realizar en tempo e forma as certificacións de compatibilidade, que de ser o caso se precisen.
- b) No caso das prazas de profesor asociado, o encargo docente, das persoas que obteñan estas prazas, deberá ser concordante co perfil co que se tivera convocado o concurso.

Os departamentos poderán establecer, criterios específicos para a distribución da docencia do seu profesorado entre as titulacións de grao e de máster de maneira que o encargo lectivo que figure no POD do profesorado correspondente á docencia de Posgrao oficial (titulacións de máster e doutoramento) non supere o 50 % da docencia que ten asignada no seu POD, agás situacións debidamente xustificadas e previa autorización da Vicerreitoría con competencias en organización académica.

Para a asignación de docencia en Campus distinto ao de adscrición do PDI o departamento deberá axustarse ao establecido na *Normativa de mobilidade entre campus de Santiago e Lugo para o PDI con vinculación permanente na USC*. A este respecto deberá terse en conta o establecido no punto 7 Procedemento que na alínea 1 di:

"A asignación de docencia en campus distinto ao de adscrición deberá ser autorizada expresamente pola Vicerreitoría con competencias na materia. A proposta será aprobada polo Consello de Departamento e enviada á Vicerreitoría con anterioridade á proposta definitiva do Plan de organización docente, achegando un informe razoado e, de ser o caso, un informe económico das indemnizacións que eventualmente procederían".

A Vicerreitoría, con carácter xeral, autorizará a asignación temporal de actividades docentes en campus distinto aprobada polo departamento para o curso académico, sempre que a solicitude se axuste á Normativa de Mobilidade, se faga de acordo co establecido no parágrafo anterior e o PDI imparta algunha docencia no campus ao que ten adscrita a praza.

Nas actas das materias de Practicum, Estancias, Prácticas Escolares ou similares figurarán todos os docentes responsables da súa docencia pero serán asinadas só polo/a coordinador/a da materia. Do mesmo xeito, no caso de investigadores autorizados a impartir docencia, só poderán asinar actas os investigadores dos programas Isidro Parga Pondal, Ramón y Cajal ou equivalentes. O PDI con capacidade para asignar actas poderá dirixir traballos fin de grao, de máster, e todas aquelas actividades docentes das titulacións que se ofertan na USC de acordo coas normas que a estes efectos sexan de aplicación.

Os departamentos deberán asignar docencia ao seu PDI de xeito concordante entre a área de coñecemento á que pertence o PDI e a da materia que a ten adscrita para a súa impartición. Corresponde á Vicerreitoría con competencias en organización académica, de acordo coa normativa que é de aplicación, autorizar o encargo docente a un PDI que non pertenza á área que ten adscrita a materia.

2.1- Modificacións de POD.

Tendo en conta que o POD é un elemento que forma parte da Programación académica anual a súa modificación afecta á información contida nela, polo que as modificacións de POD deberán estar xustificadas e axustarse ao procedemento establecido e, de ser o caso, ao que se determina neste acordo.

Despois de que a Vicerreitoría con competencias en organización académica aprobe o POD dun departamento, calquera modificación deberá ser expresamente autorizada polo mesmo órgano que o aprobou.

A Vicerreitoría só admitirá modificacións de POD debidamente xustificadas e as mesmas deberán estar solicitadas na aplicación Xescampus antes de que finalice o curso académico ao que afectan. Como norma xeral non serán autorizadas modificacións de POD que teñan carácter retroactivo.

2.2 Considéranse causas para a modificación do POD as seguintes:

- Nomeamento de profesorado, cambios na dedicación ou nos contratos realizados con posterioridade á aprobación do POD
- Baixas por enfermidade, maternidades, cesamentos ou nomeamentos de cargos académicos que afecten á capacidade lectiva dos departamentos.
- Situacións imprevistas que obrigan a realizar un reaxuste da docencia.

A inclusión dun/unha docente nun POD aprobado pola Vicerreitoría, producida por algunha das causas numeradas anteriormente, deberá afectar ao menor número posible de materias.

3.- Da programación dos horarios das actividades docentes das materias dos planos de estudo e do calendario de exames

Os órganos responsables, con carácter previo á elaboración do Plan de Organización Docente dos departamentos, deberán establecer os horarios dos diferentes grupos de docencia das materias que corresponden ás titulacións que organizan. Só terán a consideración de horarios oficiais os introducidos na aplicación Xescampus, por selos únicos que se fan públicos seguindo o proceso normativo aprobado e ademais son os únicos válidos aos efectos de realizar as certificacións de compatibilidade que de ser o caso se soliciten. Asemade son os que se axustan aos requirimentos para o seguimento das titulacións verificadas.

Tendo en conta a normativa da USC e o establecido nos propios plans de estudo e nas normas que son de aplicación, na organización dos horarios deberán seguirse os criterios seguintes:

3.1 Titulacións de Grao e de Máster :

- Para as titulacións de grao e máster deberán programarse os horarios de docencia das diferentes actividades formativas de cada materia adecuándose aos obxectivos de cada unha delas segundo estableza o plan de estudos. No caso da organización en módulos deberá procederse do mesmo xeito.
- Con carácter xeral, as actividades formativas presenciais que se establezan serán do seguinte tipo:

- **Docencia expositiva:** clases presenciais que non aspiran a unha participación activa destacada dos/as estudantes, e que polo tanto se poden impartir en grupos grandes. Ex. clase maxistral, prácticas de encerado.
- **Docencia interactiva:** clases presenciais que aspiran a unha participación activa do alumnado, en módulos de seminario ou laboratorio. Ex. prácticas de campo, sesións de traballo experimental, sesións de exercitación con ordenador ou equipos especializados, estudo/discusión de casos, aprendizaxe baseada en problemas, aprendizaxe baseada en proxectos, traballo con textos ou datos, etc.
- **Tutorización presencial en grupos reducidos:** sesións presenciais nas que o/a profesor/a dinamiza, orienta, e supervisa o traballo autónomo do alumnado en grupos reducidos. Así mesmo, permite facer un seguimento e orientación do alumnado na realización das tarefas e actividades derivadas do desenvolvemento persoal ou colectivo da docencia expositiva e interactiva.

3.2 Para todas as titulacións oficiais con máis dun grupo de docencia

Cando as materias ofertadas pertencentes ao mesmo curso teñan máis dun grupo deberá procurarse que os horarios non sexan coincidentes; deste xeito facilítaselle ao alumnado tanto o cambio de grupo como a asistencia a clase, especialmente no caso dos estudantes que se matriculan en materias ofertadas en cursos distintos, estudantes que simultáneas estudos ou aqueles que compatibilizan traballo e estudo.

No caso de existir calquera incompatibilidade ou conflito entre materias impartidas polo mesmo docente deberá solucionarse dando preferencia ás materias obrigatorias e de formación básica sobre as materias optativas. Os órganos responsables considerarán as situacións do PDI que deba impartir docencia en centros distintos a fin de poder compatibilizar os horarios.

Unha vez que os órganos competentes aproben os horarios das titulacións que organizan, e das que son responsables, e introduzan esta información na aplicación Xescampus para a súa publicación na web da USC a súa modificación só se poderá realizar logo da autorización da Vicerreitoría con competencias en organización académica e sempre que a mesma non cause prexuízos ao alumnado xa matriculado.

Igualmente estes órganos deberán aprobar as datas dos exames antes do comezo da matrícula do curso 2015/2016 introducindoas na aplicación Xescampus para publicalas na páxina web da USC.

4. - Da programación docente das materias.

A Resolución do 15 de xuño de 2011 pola que se publica a *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, aprobada polo Consello de Goberno* establece que os departamentos deberán realizar para cada materia unha programación docente ou guía docente seguindo o modelo da guía docente ECTS que figura publicada na WEB da Universidade (www.usc.es/intro/doc/mfpm.pdf) e de acordo co que establece a normativa:

<http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/resavarenacaestrevcua11.pdf>

Correspóndelles aos órganos dos departamentos aprobar a programación de cada materia, que deberá garantir a coordinación e a equivalencia formativa de todos os grupos dunha mesma materia e titulación. Asemade, os órganos responsables das titulacións de grao e máster deberán supervisar a programación aprobada polo departamento para cada materia e comprobar que se adapta ao plan de estudos vixente, debendo exercer a necesaria coordinación de programas e sistemas de avaliación dentro dun mesmo curso, ciclo e titulación segundo o establecido en cada unha das memorias das titulacións de grao e máster.

Os departamentos deberán garantir que os estudantes dispoñan con antelación suficiente, e en todo caso, antes de comezar a matrícula, de información clara e suficiente sobre a programación das materias, as actividades que se van realizar para a adquisición dos coñecementos e competencias contemplados nesa programación, os procedementos de avaliación e os criterios que se empregarán nela.

Ningunha materia deberá quedar sen programar antes do comezo da matrícula. Esta información estará accesible a través da web e da guía do centro conforme ao calendario aprobado polo Consello de Goberno.

Logo da aprobación consonte á normativa da guía docente¹⁴, e a súa publicación na web da USC, esta non poderá modificarse sen a autorización previa da Vicerreitoría con competencias na materia.

5.- Da oferta académica dos estudos oficiais

A programación académica anual elaborada de acordo co que establecen os distintos plans de estudos e seguindo o proceso ordenado de extinción e implantación das titulacións oficiais que establece a normativa vixente, da lugar á Oferta Académica de programas de estudos oficiais da USC, que se fará pública, entre outros soportes, ao través da web oficial da Universidade, para coñecemento dos estudantes da USC e da Sociedade.

Esta oferta deberá conter toda a información respecto das titulacións que se ofertan aos estudantes novos e sobre aquelas que se extinguen ou se retiran da oferta. Tamén deberá informar sobre as materias que conforman os planos de estudo, o xeito en que estas deben ser cursadas, o cuadrimestre de impartición, a metodoloxía, sistema de avaliación etc.

O usuario final da Oferta académica son os estudantes, polo tanto, a súa modificación só poderá aceptarse se non afecta aos servizos docentes que os estudantes contratan no momento de formalizar a matrícula. Unha vez aberto o prazo de matrícula, só se poderá admitir a retirada de materias se teñen carácter optativo ou de libre configuración e o número de estudantes matriculados é inferior a 10. E en todo caso a proposta deberá estar motivada por necesidades docentes sobrevidas que a xustifiquen. Do mesmo xeito poderán retirarse da oferta os másteres que non cumpran os requisitos que establece o Decreto 222/2011 do 2 de decembro e as Instrucións que ao respecto dita a Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria e o Acordo cos Criterios para a oferta de continuidade dos másteres tanto propios como interuniversitarios.

As modificacións que se realicen en relación coa Oferta Académica deberán ser propostas polos órganos responsables da organización dos planos de estudos e das titulacións que imparten, e poderán facerse a iniciativa deles, a petición dos departamentos ou da Vicerreitoría con

¹⁴ Refírese ao programa das materias que está en Xescampus

competencias en organización académica. Só se poderá modificar a oferta académica aprobada cando a mesma non poida ser atendida por non haber os recursos suficiente para cubrir o encargo lectivo; a estes efectos corresponderá á Vicerreitoría con competencias en organización académica resolver as modificacións relativas á oferta académica, e dar traslado delas, de ser o caso, ao Consello de Goberno para a súa aprobación.

CAPITULO III

CALENDARIO DE PLANIFICACION ACADEMICA ANUAL 2016/2017

1. Recóllese como Anexo II a esta normativa o Calendario de Planificación Académica Anual.

Da modificación do Calendario

Autorízase á Vicerreitoría con competencias en organización académica modificar os prazos establecidos neste calendario por motivos imprevistos apreciados de oficio, ou a petición dos axentes que interveñen na PAA.

Disposición final primeira: Corresponde á Reitoría ou Vicerreitoría con competencias na materia ditar as instrucións ou resolucións de interpretación, e aclaración deste Acordo.

Disposición final segunda: O presente acordo entrará en vigor na data de publicación no taboleiro de anuncios electrónico oficial da USC.

Disposición revogatoria: Queda revogada a normativa relativa á Planificación Académica que contradiga o establecido neste Acordo.

ANEXO I
Redución horas lectivas Actividades de xestión

Cargo	Horas
Reitor/a	240
Vicerreitor/a / Secretario/a Xeral	240
Director/a / Decano/a de Centro	150
Subdirector/a / Vicedecano/a de Centro	90
Secretario/a de Centro	90
Director/a de Departamento	90
Secretario/a de Departamento	90
Director/a de Instituto de investigación	90
Secretario/a de Instituto de investigación	60
Adxunto/a a reitor/a /vicerreitor/a e coordinador/a	90
Valedor/a da Comunidade Universitaria	240
Delegado/a do Reitor/a para o ensino medio	240
Coordinador/a do Programa "A Ponte" para o Campus de Lugo	150
Director/a do Centro de Posgrao e Director/a Comisario/a EDI	150
Secretario/a da Escola de Doutoramento	90
Director/a do Centro de Estudos Avanzados	150
Director/a do Hospital Clínico Veterinario "Rof Codina"	90
Director/a da Escola de Práctica Xurídica	90
Director/a do CETA	90
Subdirector/a do CETA	60
Director/a do CIQUS /CITIUS /CIMUS	90
Director/a cuarto ciclo	90
Comisionado/a para o Campus da Cidadanía	150
Coordinador/a /Asesor/a da Oficina de Igualdade de Xénero	90
Director/a do Xardín Botánico	90
Director/a do Museo "Luis Iglesias"	90
Director/a do Observatorio Astronómico "Ramón Maria Aller"	90
Director/a Comisario/a do Centro Biomedicina Experimental (CEBEGA)	90
Director do Centro de Estudos Eurorexionais (CEER)	90
Xefe/a Veterinario/a do Animalario da USC	60
Presidente/a do Comité de Bioética da USC	60
Secretario/a do Comité de Bioética da USC	60
Coordinador do Plan de Desenvolvemento Sostible	90
Director de Residencia ou Colexio Maior	90
Director/a do Sur e Asesor/a no ámbito da R. Social	60
Asesor/a no ámbito de Estudantes, Cultura e Deportes	60

Director/a da Escola Infantil "Breogán"	90
Coordinador/a do Practicum de Mestres	90
Coordinador/a Máster Universitario	60
Coordinador/a Programa Doutoramento RD 99/2011 con 10 ou mais alumnos novos por curso /con menos de 10	60/30

ANEXO II

CALENDARIO DE PLANIFICACION ACADEMICA ANUAL 2016/2017

Días hábiles	Datas	Centros	Departamentos	Vicerreitoría de Titulacións e Personal Docente e Investigador
11 días	14 marzo	Apertura da aplicación Xescampus para que os centros cubran o PDA	Comunicación aos departamentos do inicio do proceso de PDA nos centros.	
	5 abril	Data límite para que os centros cubran o PDA na aplicación Xescampus	Apertura do prazo aos departamentos para as solicitudes relativas a profesorado.	
9 días	18 abril			Data límite para que a vicerreitoría aprobe o PDA dos centros
17 días	19 abril	Apertura da aplicación Xescampus para a gravación dos horarios das materias	Data límite para que os departamentos presenten as solicitudes relativas ao profesorado.	
	12 maio	Data límite para a gravación dos horarios das materias na aplicación Xescampus		
18 días	13 maio	Comunicación aos centros do inicio do proceso de POD e da programación docente das materias polos departamentos	Apertura da aplicación Xescampus para que os departamentos introduzan o POD e a programación docente das materias	
	8 xuño		Data límite para que os departamentos cubran o POD na aplicación Xescampus	
11 días	23 xuño			Data límite para que a vicerreitoría aprobe o POD dos departamentos
32 días (13 maio- 29 xuño)	29 xuño		Data límite para a aprobación da programación docente das materias nos departamentos e comunicación aos centros	
7 días	8 xullo	Data límite para a aprobación da programación docente das materias nos centros e publicación na web institucional da USC.		